

# A APRENDIZ DE BRUXA

## PERSONAXES

- PAI
- CURUXA.
- CHUSCO
- GRANXEIRO
- NENO
- NENA
- NARRADOR

## O segundo día cambiamos papeis:

- |                                                                |
|----------------------------------------------------------------|
| Bruno por Carlos                                               |
| Eloy por Samu López                                            |
| Samu Gall fai o de Dani → Dani o de Izan → Izan o de Samu Gall |
| Naiara por Mireia                                              |
| Lara por Eva                                                   |
| Paula por Ánxela                                               |

**Eloy** NARRADOR.- Curuxa é a bruxa máis nova de tódalas bruxas. Vive no seu pobo co seu pai que tamén é bruxo. Ela é moi atrevida e aventureira, pero ás veces tamén se quedaba distraída horas e horas..., sen pensar en nada...

**Bruno PAI.**- (*Curuxiña está sentada na habitación do pai , xogando coa escoba, pero distraída*). Curuxiña, Por que non saes a xogar? Seica non te aburres aquí metida?

**Eva CURUXA.**- É que está chovendo...

**Bruno PAI.**- Ai esta xuventude...! i Cando eu era novo non había chuvia que nos retivese na casa!

**Eva CURUXA.**- Oíches pai,... estou pensando... que teño que facer algo para perfeccionar a miña técnica feiticeira.

**Bruno PAI.**- Está ben! Pero non roas o pao da vasoira, porque senón non poderás voar.

**Eva CURUXA.**- É que xa estou farta de facer sempre as mesmas cousas! Xa son unha bruxa maior! Se cadra.. ti.. poderíasme axudar . Non cres? (*O pai segue preparando a pócema sen facerlle caso*)

**Samu Gallardo PAI.**- Engadimos tres sapos, ... un rabo de lagarto e... remexemos ben. Por certo,... Dicías algo filliña?

**Ánxela CURUXA.**- Ti nunca me fas caso, nunca escoitas o que che digo!

**Samu Gallardo PAI.**- Non é iso , miña rula.

**Ánxela CURUXA.**- Dicía.... , pero é igual,...tanto ten.

**Samu Gallardo PAI.**- Isto xa está a puntiño a puntiño...(*Freta as mans*) Perdoa, pequena. Que era o que me contabas?

**Ánxela CURUXA.**- Ves como non atendes cando che falo!

**Dani PAI.**- É que estou traballando nun novo feitizo e non me pudo entreter. Falamos máis tarde. Paréceche?

**Lara CURUXA.**- Un novo feitizo, un novo feitizo... Queres feitizo? Pois toma feitizo! Agora vas ver... Por tódolos sapos e mouchos, que apareza unha morea de moscas!! ... E arañas tamén!!

(*Tíranse moscas e arañas. Asómase Chusco pola porta*)

**Carlos CHUSCO.**- Pss..pss..., ei, Curuxa, son eu,... Non saes?

Lara CURUXA.- Pasó! Hoxe non me apetece!

Carlos CHUSCO.- Sae muller, que teño un notición que che contar que vas alucinar

Lara CURUXA.- Seica non entedes o meu idioma ! Ou que?. Dixen que non saio e non saio!

Carlos CHUSCO.- Xa verás cando o oias!. Atopamos unha cova para o noso club. Creo que a debiamos ir ver enseguida.

Lara CURUXA.- (Ó escoitar iso cámbialle a cara) ( A Chusco) Tés moita razón.( Ó pai e saíndo) Papá, vou saír, veume buscar Chusco.

Dani PAI.- (Segue remexendo no seu beberaxe) Aquí falla algo!... Ah, xa sei , fáltalle o sal, iso é ... ( Bótalle sal) Un chisquiño de sal..., Dicías algo filliña? ( A filla xa non o oíu porque xa saíra con Chusco, montados na escoba, cruzan o resto da escena e entran por unha porta).( Ó levantar a cabeza ve as moscas e as arañas)

Ahhhhh!!....De onde saíu esta cantidade de bichos? ...Estas son cousas da miña filla, de quen podían ser! Pero vai saber o que é bo. ... Curuxa, estou farto das túas parvadas. Onde te metiches? Teño que lle dar unha lección a esta nena!

(Asómase polo biombo) (Chama) Curuxa, Curuxiña, Onde vai a miña bruxiña? Curuxa, ven acá agora mesmo sen non queres que...Curuxa! ( Entra de novo onde está a porta) ( Aparecen Curuxa e Chusco pola porta da dereita)

Lara CURUXA.- ( Vén temblando) Mi madre! Os bichos! Non debín deixar as moscas e as arañas na casa. Metinme nunha boal!....!Adeus Chusco! ( Asómase cara onde está o pai) ¡ Ola, papaíño....

Dani PAI.- Nin papaíño nin morcegos en aliño! ¡ Téñole que dar un bo escarmento, senón nunca serás unha boa bruxa! Xa está ben de facer trasnadas! A partires de hoxe acabáronse os poderes máxicos, as palabras máxicas e a vasoira tamén.

Lara CURUXA.- Nooon, a vasoira non, por favor. Papá, papaíño, prométoche que....

Eloy PAI.- Que nada! A partires de hoxe nin viaxes, nin moscas ,nin arañas, nin nada.

Mireia CURUXA.- Papá, papaíño,...pídochó con cariño.(Ó público) ¡Que bonito me saíu!

Eloy PAI.- Escoita e toma nota. Para levantarche o castigo tés que ir alá, onde viven os humanos e facer algúnhha obra boa.

Mireia CURUXA.- Non me fagas iso, por favor, a min non me caen ben os humanos, non os aturo. ( O pai empúrraa cara fóra. Xa na rúa)

Era o que me faltaba!.... Total por unhas moscas de nada! É que eu teño mala sorte! ...E aínda por riba ter que aguantar a esos humanos rabudos! ( Sae o granxeiro)

Samu López GRANXEIRO.- Ola nena! Andas perdida? Pódoché axudar en algo?

Mireia CURUXA.- Non. (Enfadada)

Samu López GRANXEIRO.- Entón... Qué fas por aquí?.

Paula CURUXA.- Eu...? Nada, nada.

Samu López GRANXEIRO.- Cómo que nada?

**Paula** CURUXA.- Ben, nada, nada non, pero é unha historia moi longa...

**Samu López** GRANXEIRO.- (Mirándoa de arriba a abaixa) Ti es un pouco rariña , non?

**Paula** CURUXA.- Eu?... Non me digal ... E... en que mo notou?

**Izan** GRANXEIRO.- Non fai falta ser moi bispado! Mira que pinta traes! Se crese nas meigas, xuraría que es unha delas.

**Paula** CURUXA.- Por que o di como se fose algo malo? ( Dáse conta de que a xente lle teme ás meigas e decide disimular diante do granxeiro) Pero mire que confundirme cunha bruxa...! Acaso me parezo a algúnhha?

**Izan** GRANXEIRO.- Non, non ... É pola túa roupa

**Eva** CURUXA.- Que lle pasa á miña roupa?

**Izan** GRANXEIRO.- Nada, nada pero vaiche ser mellor cambiala. Vou ver se encontro algo que che poida valer. (Entra na casa)

**Eva** CURUXA.- (Ó público) Pois tomouna este coa miña roupa! Este non me pode axudar a que faga unha boa acción.... áinda é el o que me axuda a min!

**Izan** GRANXEIRO.- Toma , ponte isto... ( Dálle roupa, unha saia, unha camisa...)

**Ánxela** CURUXA.- O que? Que teño que por isto! Diso nada monada, ...nin o soñel!

**Izan** GRANXEIRO.- Pono muller , verás que ben che queda. E... Por que levas o pelo tan sucio? Pódolle dicir á miña muller que cho lave.

**Ánxela** CURUXA.- Isto xa é o colmo! O da roupa podería pasar, pero lavar o pelo si que non! As bruxas non poden lavar a cabeza! ( Dáse conta de que non debía ter dito isto) Mire,... mellor váiase,...grazas pola roupa, pero váiase. (Sae o granxeiro. Ela pasea meditando)

Pois non son tan malos os humanos...., el queríame axudar...pero a que teño que facer algo bo son eu, non el.... ( Entra unha nena escribindo algo nun caderno)

**Naiara** NENA.- Olá!

**Lara** CURUXA.- Ola... (Míraa detidamente) Que escribes?

**Naiara** NENA.- Castigáronme. Teño que escribir cen veces que non lle vou tirar máis veces polo rabo ao meu gato.

**Lara** CURUXA.- (Ó público) Xa está!... Esta é a miña oportunidade de facer algo bo... Pero pensándoo mellor.... iso é moi aburrido, ....a min non me gusta escribir... Case mellor ... Paso!

**Naiara** NENA.- E ... ti que fas por aquí? ( Asómase un neno e escucha o que falan. Rise)

**Lara** CURUXA.- Pois a min tamén me castigaron, teño que facer algo bo por alguén.

**Naiara** NENA.- E...Por que?... Qué fixeches mal?

**Mireia** CURUXA.- Ti cres nas bruxas?

**Naiara** NENA.- Claro que sí!

**Mireia** CURUXA.- Teslle medo?

**Naiara** NENA.- E... por que llo ía ter?

**Mireia** CURUXA.- É o que digo eu. Mira vouche contar unha longa historia. ( *Cóntalle en baixo e entra o neno ríndose a gargalladas*)

**Eloy** NENO.- Ja , ja,ja.....Que cousas hai que oír por non ser xordo!

**Paula** CURUXA.- Pois eu non lle vexo a gracia! Eu o único que quero é volver á miña casa canto antes.

**Naiara** NENA.- Si, pero antes tes que facer algo bo. Non o esquezas.

**Paula** CURUXA.- Ben, eu intenteino, pero ninguén me dá unha oportunidade.

**Eloy** NENO.-( *Pensa durante un pouco*) Xa o teño! Podes pelar patacas.

**Eva** CURUXA.- Patacas? Que ten que ver pelar patacas cunha boa acción?

**Samu Gallardo** NENO.- Pois verás. Mañá vén un montón de xente á miña casa para comer , e miña nai ten que pelar cinco caldeiros de patacas. Pódeslle axudar.

**Eva** CURUXA.- Cinco caldeiros! Iso son moi sísimas patacas! Eu...

**Bruno** NENO .- Ti verás. A min parécelme unha boa acción.

**Ánxela** CURUXA.- Está ben, pelarei as patacas... ( *Séntase . O neno tráelle un caldeiro de patacas e ponse a pelalas. Primeiro fai que se corta. Logo empeza a bostezar e dórmese. Asómase o pai*)

**Dani** PAI.- Curuxa, curuxiña, miña bruxiña boa....

**Ánxela** CURUXA.- ( *Espreguizándose*) Papá! Viñéchesme buscar?

**Dani** PAI.- Xa me enterei da túa boa acción. Fixéchelo moi ben. E.. espero que aprendeses algo.

**Lara** CURUXA.- Claro,claro. Sabes unha cousa? Os humanos non son tan malos.

**Carlos** PAI.- ( *Cóllea polos ombros e entran na casa*) Vén, mira, a comida xa está feita.

**Paula** CURUXA.- Que ben, coa fame que teño! Qué hai para comer?

**Carlos** PAI.- Pois fíxenche dúas comidas: Tortilla de patacas(*Curuxa vaise enoxando*) e patacas con...

**Mireia** CURUXA.- Non,non,non.....Basta de patacas! Non quero nin oír nomealas!

(*Sae correndo. O pai encóllese de ombros*)

FIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIN

# Primavera das Letras

Na primavera de 1863 saíron dunha imprenta de Vigo os primeiros exemplares de 'Cantares Gallegos'.


Ninguén podía imaxinar que aquel libro de Rosalía de Castro marcaría un fito na historia de Galicia.

Con esta obra iniciase o chamado **REXURDIMENTO**

## Sabías que...



se coñece con este nome a etapa na que, despois de séculos de esmorecemento, a cultura e a lingua galegas comezan unha etapa de esplendor.



Ademais de Rosalía de Castro, houbo dous autores que sobresaíron naquela etapa: Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Imos aprender algo máis dos tres. Busca algúna información sobre eles e logo relaciona con frechas.

## AUTORES

MANUEL CURROS ENRÍQUEZ  
ROSALÍA DE CASTRO  
EDUARDO PONDAL

## LIBROS

FOLLAS NOVAS  
QUEIXUMES DOS PINOS  
AIRES DA MIÑA TERRA

## COMARCAS

BERGANTIÑOS  
CELANOVA  
O SAR

## PALABRA CHAVE

A CHEGADA DO TREN  
HIMNO GALEGO  
AS CAMPÁS DE BASTAVALES



REAL ACADEMIA GALEGA



REAL ACADEMIA GALEGA

En 1963, cando se cumplían cen anos da publicación do libro de Rosalía, a Real Academia Galega decidiu marcar un día no calendario que servise para festexar e promover as nosas letras.

Cada 17 de maio, no medio da primavera, celebramos que en Galicia temos unha lingua e unha literatura propias.

A través delas rememoramos o pasado, nomeamos o presente e construímos o futuro.

Todo é posible coas nosas letras, con elas narramos o mundo:



Brincar



Porteira



Teixugo



Mergullador

Escribe outras SEIS letras do abecedario e pon ao seu carón as palabras que che evocan. Comproba no dicionario se o significado era exactamente o que pensabas.

Primavera  
das Letras





A nosa literatura conta cunha longa tradición recoñecida alén das nosas fronteiras. Imos lembrar aquí algúns datos que igual te poden sorprender.



Sabías que...


- O DOCUMENTO MÁS ANTIGO EN LINGUA GALEGA QUE SE COÑECE FOI ESCRITO HAI PRETO DE 900 ANOS (CONCRETAMENTE EN 1228).
- A LITERATURA MEDIEVAL GALEGO-PORTUGUESA ESTÁ CONSIDERADA UNHA DAS CIMEIRAS DA CULTURA EUROPEA DAQUELES SÉCULOS (DO XII AO XV).

- HOXE EN DÍA A NOSA LITERATURA ESTÚDASE EN UNIVERSIDADES DE PAÍSES TAN DISPARES COMO ALEMAÑA, ESTADOS UNIDOS, RUSIA, BRASIL OU FINLANDIA.
- 'MEMORIAS DUN NENO LABREGO', O LIBRO QUE PUBLICOU XOSÉ NEIRA VILAS EN 1961, É O MÁS VENDIDO E TRADUCIDO DA HISTORIA DA LITERATURA GALEGA. CALCÚLASE QUE XA SUPEROU OS 600.000 EXEMPLARES.
- NAS NOSAS LETRAS CONTAMOS CON AUTORAS E AUTORES MOI RECOÑECIDOS FÓRA DE GALICIA. UN EXEMPLO É O DE AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ, QUE CONQUISTA LECTORES EN MERCADOS TAN DIVERSOS COMO O INGLÉS, O FRANCÉS, O CHINÉS OU O ITALIANO.

A literatura galega traspasa as nosas fronteiras e sitúanos con voz propia no mapa do mundo.

E falando de mapas, ti sabes de que comarca vés sendo? Identifica e colorea a túa bisbarra. Coñeces algúnn escritor ou escritora que naceste ou viva nela? Cóntanolo.

Primavera  
das Letras





Os idiomas fálanse, escribense, lense e mesmo se soñan.  
E o máis importante é que nós conxugamos estes verbos todos os días.



Soñar



Ler



Escribir



Falar



O Día das Letras facémolo as 365 xornadas do ano. Ti tamén escribes.  
Sabes o que son os microrrelatos? Pois son contos moi, moi curtos.  
Dálle azos á túa imaxinación. Tes só este espazo para desenvolver o teu relato.

---

---

---

---

---

Primavera  
das Letras



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**

Unha **sílaba** é un grupo de sons que se pronuncian xuntos nun só golpe de voz.

Un **ditongo** é a unión de dúas vogais na mesma sílaba. Un **hiato** é a presenza de dúas vogais seguidas que pertencen a sílabas distintas.

A **palabra** é unha unidade formada por un conxunto de sons ordenados que transmiten unha idea.

Segundo o número de sílabas, as palabras poden ser **monosílabas**, **bisílabas**, **trisílabas** e **polisílabas**.

**1** Ordena estas palabras de maior a menor número de sílabas.

estrelamar

extraterrestre

pomba

debuxo

dificilísimo

**2** Escribe, con cada ditongo, dúas palabras que o conteñan.

• ai ► \_\_\_\_\_

• ia ► \_\_\_\_\_

• ei ► \_\_\_\_\_

• ie ► \_\_\_\_\_

• oi ► \_\_\_\_\_

• io ► \_\_\_\_\_

**3** Separa en sílabas as seguintes palabras.

• paisaxe ► \_\_\_\_\_

• astronauta ► \_\_\_\_\_

• febreiro ► \_\_\_\_\_

• area ► \_\_\_\_\_

• faraón ► \_\_\_\_\_

• dourado ► \_\_\_\_\_

• freada ► \_\_\_\_\_

• pasaxeiro ► \_\_\_\_\_

• coello ► \_\_\_\_\_

• ruído ► \_\_\_\_\_

**4** Arrodea nas palabras anteriores os hiatos que atopaches.

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**

Os **substantivos** son as palabras que utilizamos para nomear as persoas, os animais e as cousas.

Os substantivos teñen **xénero**: poden ser **masculinos** ou **femininos**. Tamén teñen **número**: poden estar en **singular** ou en **plural**.

Os substantivos poden ser **comúns** ou **propios** e **individuais** ou **colectivos**.

**1** Escribe, en cada caso, o substantivo individual e o colectivo correspondente.


---



---



---





---



---



---




---



---



---

**2** Escribe o feminino de cada substantivo.

- |                  |                  |                    |
|------------------|------------------|--------------------|
| • irmán ► _____  | • neno ► _____   | • ministro ► _____ |
| • mestre ► _____ | • doutor ► _____ | • rei ► _____      |
| • sogro ► _____  | • can ► _____    | • actor ► _____    |
| • boi ► _____    | • conde ► _____  | • elefante ► _____ |
| • fillo ► _____  | • pintor ► _____ | • bailarín ► _____ |


**3** Escribe estos substantivos en plural.

- |                  |                  |                   |
|------------------|------------------|-------------------|
| • cereal ► _____ | • menú ► _____   | • árbitro ► _____ |
| • muller ► _____ | • festín ► _____ | • chapeu ► _____  |
| • arame ► _____  | • folla ► _____  | • rapaz ► _____   |
| • museo ► _____  | • pai ► _____    | • cordel ► _____  |

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**Escríbense con **h**.

- As formas dos verbos *habitar*, *haber*, *herdar*, *hospedar*, *prohibir*...
- Moitas outras palabras como *home*, *hora*, *harmonía*, *heroe*, *vehículo*, *herba*, *hoxe*...

**1** Completa as oracións con formas conxugadas do verbo *haber*.

- Mañá \_\_\_\_\_ un concerto na praza da vila.
- Onte \_\_\_\_\_ unha conferencia moi interesante no auditorio.
- Cando o avó naceu, aínda non \_\_\_\_\_ ordenadores.
- Nesta confeitaría non \_\_\_\_\_ os bombóns que che gustan a ti.

**2** Risca a opción incorrecta e copia a oración coa forma correcta.

- Abandonaron a (*horta* / *orta*) e agora está cuberta de (*herba* / *erba*).
- \_\_\_\_\_
- Ese (*home* / *ome*) sempre está de moi bo (*humor* / *umor*).
- \_\_\_\_\_
- Mercou carne para (*hamburguesas* / *amburguesas*) e unha ducia de (*ovos* / *hovos*).
- \_\_\_\_\_

**3** Copia as oracións substituíndo os debuxos polas palabras correspondentes.

- O pasa o día na auga.

- Un trouxo o ferido ao .

## 4

## As palabras polisémicas


PLAN DE MELLORA. Ficha 3

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

## LEMBRA

Son **polisémicas** as palabras que teñen máis dun significado. Por exemplo, *bico* pode referirse a un cume, a un beixo, ao peteiro dunha ave, a unha parte dunha xerra...

## 1 Escribe dúas oracións con cada palabra en que se aprecie cada un dos significados.



rato



- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_



serra



- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

## 2 Risca o significado que non corresponde a cada palabra.

banco	chave	carta
Lugar para sentarse	Ferramenta para cociñar.	Escrito que se lle envía a alguén.
Grupo de insectos.	Signo musical.	Representación a escala da Terra.
Lugar onde se gardan e se prestan cartos.	Peza de metal que permite abrir e pechar a porta.	Que nunha serie ocupa o lugar número catro.

## 3 Descubre a palabra polisémica a que se refiren os pares de definicións.

- Materia que cobre o corpo dos paxaros.      ► P \_\_\_\_\_
- Instrumento para escribir.
- Construción cuns canos por onde sae auga.      ► F \_\_\_\_\_
- Prato grande para servir comida.
- Parte das plantas que está baixo a terra.      ► R \_\_\_\_\_
- Parte invariable dunha palabra.